



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Bolsa de emprego conserxe/ordenanza 2024

Polo Decreto desta Alcaldía núm.887/2024, do 08 de maio, aprobouse a seguinte corrección nas bases de convocatoria de selección de persoal con carácter interino para postos de persoal laboral ou persoal funcionario de conserxe/ordenanza:

Corrección de erros Bases específicas para elaboración de bolsa de emprego temporal de Conserxes-Ordenanzas

Por Resolución de Alcaldía 839/2024, do 02 de maio de 2024, aprobáronse as bases específicas para elaborar bolsa de emprego de Conserxe-Ordenanza con carácter interino para postos de persoal funcionario e laboral do Concello de Sada, durante o ano 2024.

As ditas bases conteñen o seguinte erro no punto nº 6 TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA que se transcribe literalmente e que é preciso corrixir:

“/.../

Estar en posesión do permiso de condución vixente clase C-1 “

Debendo dicir:

“/.../

Estar en posesión do permiso de condución vixente clase B“

En función do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o artigo 21.1.h) da Lei 7/85, do 2 de abril, pola que se regulan as bases do réxime local, resolvo:

Primeiro.- Aprobar a corrección de erros sinalada, quedando redactado o parágrafo afectado no punto nº 6 TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA da seguinte maneira:

“/.../

Estar en posesión do permiso de condución vixente clase B“

Segundo.- Ampliar o prazo de presentación de solicitudes de participación en 5 días naturais a partir do seguinte ao da publicación desta corrección no BOP da Coruña.

Terceiro.- Dilixenciar novamente as bases coa corrección incluída e que continúe o procedemento co trámite que corresponda.

O que se publica para xeral coñecemento.

Sada, 08 de maio de 2024

O Alcalde,

Óscar Benito Portela Fernández